

2ªParte

O ESPERPENTO PASA A “**BURLA**” NA NEGOCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO R.D. 6/23 POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Depois de varias convocatorias no mes de abril, este 23 de abril Función Pública deu por rematado grupo de traballo relativo o Proxecto de Orden Ministerial sobre planificación dos recursos humanos da Administración do Estado retirando unha proposta de acordo ante a negativa a asinala de todas as organizacións sindicais.

Temos que denunciar que a negociación coa administración foi meramente formal, non real. Baleira de contido, onde todo xa viña “cociñado”, marcado polas directrices europeas para poder acceder os fondos europeos. A administración deu por pechada a “*falsa negociación*” dá orde ministerial que dota a Función Pública das ferramentas necesarias para afrontar una reforma da administración dun xeito unilateral sen recoller ningunha proposta sindical.

A día de hoxe a realidade é que Función Pública ten pechado dúas ordes ministeriais, unha é o desenvolvemento do persoal directivo avalado polos sindicatos maioritarios (CSIF, UGT e CCOO, a CIG sempre estivo en contra) e a outra orde é de planificación extratécnica dos RRHH onde se recolle o elemento sobre o que pivotará a reforma, as “áreas funcionais”, e que antes de que finalice o ano 2024 Función Pública adoptará a norma que as regule, norma que quedará fora da negociación o non recoller esta orde ministerial o requisito de ser negociado cos representantes sindicais.

Pero o máis sorprendente é que poucas horas de dar por rematado este “grupo de traballo...” recibimos convocatoria de Función Pública para que os representantes sindicais participemos a título persoal, repito a título persoal noutro grupo de traballo sobre un documento que está en período de consulta pública chamado “«Consenso por una Administración Abierta»”.

Isto lévanos a dicir que pasamos dun **ESPERPENTO** a unha **BURLA**, porque a presunta **negociación non existe, e só é un elemento que está a anestesiar a acción sindical**.

A CIG non fai propostas persoais, facemos propostas sindicais e sempre dentro dos ámbitos de representación regulados por lei.

O sindicato CIG non se vai prestar a este xogo e facemos un chamamento ao resto de sindicatos para denunciar esta deriva do xeito de entender a negociación.